



Recomendación ao Concello de Santiago de Compostela para que se devolvan os ingresos indebidos e intereses en relación ao pago do IVTM de catro exercicios fiscais.

Expediente: L.8.Q/13936/17

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Sr. alcalde:

Nesta institución, iniciouse o expediente de queixa arriba referenciado como consecuencia do escrito de D. [REDACTED], relativo ao cobro do imposto sobre vehículos de tracción mecánica de varios exercicios fiscais.

ANTECEDENTES

1. Con data 17 de febreiro (R.S.2311/17) admitiuse a trámite a queixa referenciada. No escrito inicial, esencialmente se indicaba que o dicente, veciño da rúa [REDACTED] de Santiago de Compostela, era propietario do vehículo Opel Astra con matrícula [REDACTED], dende marzo do 1996, e que recibira unha carta de pago do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente aos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 coa que estaba en desacordo.

Documentaba que dende a data da compra, tiña concedida a exención do imposto especial sobre determinados medios de transporte por telo así solicitado. (se aportaba “*notificación de acuerdo de concesión de la exención*” de data 25 de marzo de 1996 expedida pola Delegación da A.E.A.T. de Santiago de Compostela).

Se afirmaba que unha vez presentada a documentación para a exención do pago do IVTM, lle fora concedida e que en todo o tempo que vai dende 1996 ata o 2016, nunca se lle reclamara polo concello de Santiago de Compostela, recibo ou pago algún do citado imposto relativo a ese vehículo da súa propiedade.

2. Que sorprendido ao recibir o 20 de xullo do 2016 unha notificación do concello na que se propoñía a inclusión no padrón municipal do referido vehículo con efectos marzo do 1996 (

isto é a data da compra); ao día seguinte, o 21 de xullo, acudiu á oficina de Atención ao contribuínte e xa nese mesmo momento presentou novamente:

a ficha técnica do vehículo, o permiso de circulación, o certificado de discapacidade emitido pola Administración competente e a declaración xurada como titular con discapacidade de que o vehículo é para o seu uso exclusivo.

(Neste feito, se incidirá máis adiante, toda vez que na consideración segunda do informe que a administración con competencias nos remite, se indica que o Sr. ██████ non presentou alegacións á proposta de regularización con trámite de audiencia notificada o 20 de xullo).

3. Que pasados case catro meses, sen recibir resposta sobre a documentación antedita que presentara no concello, o día 14 de novembro do 2016, paga a liquidación polos exercicios non prescritos dos anos 2013,2014,2015 e 2016, que ascendeu á cifra de 485,60 euros, toda vez que na liquidación practicada que recibira, se indicaba que o período de pago finalizaba o 20 de novembro. (tamén neste particular repararemos despois, xa que na consideración terceira apartado b do informe que nos foi remitido, se sinala que foi precisamente ese mesmo día, o 14 de novembro do 2016 no que se lle notifica ao Sr. ██████ a liquidación).

4. Finalmente se documentaba que con fecha 21 de novembro de 2016, presentara na Oficina de Atención ao contribuínte, tamén sen obter resposta nesta segunda ocasión, escrito solicitando a devolución do importe abonado de 485, 60 euros por considerar que a situación non variara dende o ano 1996 cando en marzo dese ano a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais lle certificara ao afectado unha diminución da súa capacidade orgánica e funcional cun coeficiente non inferior ao 33 %.

5. Ao considerar que a queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, como xa quedou dito no antecedente primeiro, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

6. Solicitado informe a ese concello o 17 de febreiro do ano en curso, foi remitido a esta institución e incorporado o 22 de marzo.

7. Á vista do contido do mesmo e avanzando na investigación, o 7 de abril o Sr. ██████ aporta, fotocopia da liquidación de alta no Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica-Concello de Santiago, con selo do *Ministerio de Justicia-Jefatura de Tráfico* e da entidade colaboradora Caixa Galicia, logo do ingreso de 14.250 pesetas o 28 de marzo do 1996.

ANÁLISE

A tenor do contido do escrito de queixa, da documentación achegada polo promotor do expediente, tanto no momento da interposición da mesma, como ao longo da tramitación

da investigación e unha vez valorado o informe remitido polo Concello de Santiago, xunto coa documentación que aporta, cómpre efectuar unha serie de consideracións:

1. Primeiramente, sinalar que carece de toda dúbida, pola documentación incorporada ao expediente, que o vehículo Opel Astra [REDACTED], dende a data de matriculación ten domicilio fiscal en Santiago de Compostela, segundo consta no permiso de circulación.

É dicir, que como con claridade se expón na consideración primeira do informe que foi remitido a esta institución, os municipios gravan os vehículos segundo a información que a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) lle remite. E toda vez, que na consulta de rexistros efectuada ante esa dirección, o domicilio fiscal do vehículo constata ser en Santiago de Compostela dende a data de 29.03.1996, o que entendemos non é axeitado a dereito, é que se arroguen prexuízos a contribuínte algún, polo feito de que se puideran dar certas disfuncións na revisión e actualización do censo pola xestión tributaria municipal que for.

2. Para continuar, e xa analizando a consideración segunda do informe antedito, sinalaremos que si non foi ata 2016 que o Concello de Santiago acometeu a revisión e actualización do censo -unidades fiscais- do IVTM, contrastando os datos e a información do censo existente no Concello, coa información do ficheiro anual remitido pola DXT, xa que como se indica, as “prioridades na xestión dos ingresos impediron abordar antes a tarefa”; pois tamén entendemos que esta programación en xeito algún podería ocasionar menoscabo algún nos dereitos dos contribuíntes.

Tamén sostén o Concello de Santiago que nesa comprobación a fin de depurar a información do censo, detectouse que o vehículo con matrícula [REDACTED] a nome do Sr. [REDACTED], segundo a información da DXT, tiña como domicilio no permiso de circulación o Concello de Santiago de Compostela, mais non figuraba no censo de unidades fiscais IVTM do Concello.

Chegados a este punto, e como avanzamos xa no antecedente número 7, o Sr. [REDACTED] documenta o pago de 14.250 pesetas en marzo do 1996 en concepto de “Liquidación Alta-Alta Imposto Vehículos de Tracción Mecánica-Concello de Santiago”, de xeito que esta institución descoñece a causa de que non figurara no censo do IVTM deste concello.

O motivo, que explique ou mesmo xustifique este feito, en modo algún tampouco pode ocasionar menoscabo ao promotor desta queixa.

Se fai constar, así mesmo, nesta consideración segunda, que o 20 de xullo do 2016, se notificou ao interesado a proposta de regularización e que “o interesado non formulou alegacións polo que o vehículo foi incluído no censo con efectos desde 29 de marzo de 1996”.

Esta afirmación contrasta coa documentación que o propio concello achegou como documento número 3, na que se observa, que foi precisamente ao día seguinte de recibir esa notificación, isto é o 21 de xullo 2016, que motivou que o Sr. ██████ se personara na oficina de atención ao contribuínte, e logo de manifestar a súa incredulidade ante a notificación recibida, seguindo as indicacións que alí lle proporcionaron, aportara novamente, a fin de beneficiarse da exención pola súa discapacidade, a documentación que no escrito con rexistro número 36.416 de 21 de xullo de 2016 se sinala, e que xa relacionamos no antecedente 2.

De xeito que cando o Concello sinala na consideración terceira, que o 21 de xullo o Sr. ██████ solicita o beneficio fiscal no IVTM, entendemos que erra, toda vez que ese acto administrativo, en xustiza, o que é, é unha alegación ou cumprimento ao trámite de audiencia conferido na proposta de regularización que recibira o día anterior.

Non é que o promotor da queixa non alegue, que o fai, se non que volta de novo a presentar a documentación xustificativa da exención para dar resposta a esa proposta de regularización coa que discrepa. E tampouco é, como sinala o informe, que ese 21 de xullo do 2016 presentara a solicitude de beneficio fiscal do IVTM, pois isto xa o fixera no seu momento, fai 20 anos. O que fai é aportar a documentación outra vez.

3. Xa centrándonos na liquidación dos exercicios prescritos, causaba sorpresa que a liquidación dos exercicios 2013-2016, fora aprobada o 3 de outubro 2016, notificada ao interesado o 14 de novembro e pagada polo Sr. ██████ ese mesmo día 14 de novembro; ata que examinada a documentación da carta de pago obsérvase nela, que o período de pago finalizaba o 20 de novembro, é dicir 6 días despois. (aínda que en letra cativa se sinalaran os prazos de ingreso).

En definitiva, que esta institución entende que neste caso concreto, as actuacións que se practicaron por parte da administración local, semellan ser de dubidosa compatibilidade co respecto aos dereitos dos contribuíntes e os principios de ordenación e aplicación do sistema tributario recollidos na *Ley 58/2003 General Tributaria*, nomeadamente co previsto nos artigos 3 e 32.

Por sintetizar, resulta acreditado que o domicilio fiscal do vehículo non mudou dende a data da matriculación, e esta institución entende que as discrepancias ou inexactitudes que se puideran dar entre os ficheiros de datos das unidades fiscais que a DXT remitiu ao concello, e o padrón ou censo que o concello elaborou, en caso algún son responsabilidade ou obriga do contribuínte, e por tanto, os acertos ou desacertos na súa xestión non lle poden prexudicar.

Do mesmo xeito, tampouco cabe reproche algún ao promotor da queixa, polo feito de que o concello non fora quen, ata o ano 2016, de xestionar a actualización deste censo de unidades fiscais - IVTM.

A consulta de rexistros da DXT a data 21 de xullo do 2016, que o concello achega xunto co informe de colaboración solicitado, clarexa de modo nido que o vehículo [REDACTED], dende a data de matriculación 29.03.1996, ten domicilio fiscal en Santiago de Compostela e no historial de limitacións de disposición se fai constar : exento imposto. 29.03.1996. EXENTO PR IEDMT. (páxinas 1,2 e 4 da referida consulta DXT).

4. A fin de ir rematando, mencionaremos que cando o promotor desta queixa solicita a intervención desta institución do Valedor do Pobo, para entre outros fins, rachar co silencio administrativo, levaba sete meses agardando resposta do escrito presentado o 21 de xullo, e tres meses agardando resposta da devolución de ingresos indebidos presentada o 21 de novembro. Cómpre salientar, que o impulso desenvolvido tralo estudo acometido e a investigación practicada, induce a pensar que a resolución ditada o 13 de marzo de 2017, mantendo a liquidación practicada polos períodos impositivos 2013-2016 o foi, precisamente porque esta institución solicitou informe de colaboración ao concello referido.

Subliñaremos, que coñecendo a complexidade do proceso de recadación e inspección destes tributos, tan masivos como mecanizados ou automáticos, e considerando que a actualización deste censo municipal foi “programada”, unha administración de calidade puidera ter implementado os medios técnicos, materiais e humanos oportunos, para que os tempos de resposta en casos como este se tiveran acurtado.

Así as cousas, na procura de asegurar que as relacións entre a administración tributaria e os contribuíntes se asenten no respecto aos dereitos que a lei garante e co fin de reforzar a seguridade xurídica, formulamos respectando fundamentalmente a autonomía da gobernanza local, e invocando á leal colaboración entre institucións no desenvolvemento das funcións que nos son propias, a seguinte

CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Santiago de Compostela a seguinte Recomendación :

Que revise as actuacións practicadas, e no seu caso, se proceda á devolución dos ingresos indebidos máis os intereses de demora que puideran corresponder en dereito.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración o saúdo atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo